

A súa música foi interpretada en Europa e Norteamérica por Séverine Ballon, JACK Quartet, Ensemble SurPlus, Argento Ensemble, Ensemble L'Arsenale, Ensemble Pamplemousse, Hand Werk, Callithumpian Consort, Seth Josel, ACADEMY, Quince Contemporary Vocal Ensemble, Oberlin Contemporary Music Ensemble; no Wittener Tage für Neue Kammermusik, Festival de Lucerna, Akademie Schloss Solitude, Conservatorio Nacional Superior de Lyon, Frankfurter Gesellschaft für Neue Musik, Issue Project Room (Brooklyn), Willow Place (Brooklyn), High Concept Labs (Chicago), Bemis Center (Omaha), así como en numerosas universidades e festivais.

www.marekpoliks.com

Benjamin Scheuer. Alemaña, 1987

Estudou Composición en Hamburgo e Karlsruhe, onde obtivo o posgraio con Wolfgang Rihm. A súa música caracterízase polo uso de elementos humorísticos e teatrais. Implica obxectos da vida cotiá, xoguetes e electrónica Lo-Fi. A harmonía das composicións inclúe microtonalidade para adaptarse ás características deses elementos. O seu catálogo componse de obras orquestrais (*Montagen*, *Spuren*), de baile (*Pineapple*), música sacra (a misa *Stilles Geschrei*) e obras compostas para espazos específicos (*Zeitraum*, para 600 instrumentistas e cantantes). A súa música de cámara presentouse en festivais de varios países do mundo. En 2013 gañou a bolsa Aldeburgh Music Opera Writing Fellowship para desenvolver a ópera *Beyond the Pale* (con libreto de Tom Swift) que vai rematar en 2015 co apoio do Irish Arts Council. É membro fundador da organización Músicos sen Fronteiras e viaxa a miúdo como voluntario a Ecuador, onde dá clases de música en barrios con habitantes de escasos recursos.

www.benjaminscheuer.de

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolà *frauta* / Felipe Agell *clarinete* / Pablo Coello *saxofón* / Roberto Alonso *violín* / Angélica Vázquez *arpa* / David Durán *piano, teclado* / Ramón Souto *difusión de son* // *Dirección musical* Pablo Coello / *Dirección artística* Ramón Souto

www.vertixesonora.net

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 623

cgac.actividades@xunta.es

www.cgac.org



MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea

Martes, 18 de novembro de 2014

Con motivo do próximo concerto de Vertixe Sonora Ensemble, o CGAC, o Ateneo e a Universidade de Santiago de Compostela organizan unha xornada orientada a coñecer algunhas das claves que configuran a creación artística e musical do noso tempo.

19:30 h

VISITA Á EXPOSICIÓN DO CGAC É CAPITAL, da artista xienense Cristina Lucas, que Vertixe Sonora toma como referencia para este concerto, mediante o que se procuran puntos de encontro entre a música e a arte.

20:00 h

CAUSAL, CONVERSA CON RAMÓN SOUTO—director artístico de Vertixe Sonora Ensemble— e cos compositores Sabrina Schroeder, Takuto Fukuda, Marek Poliks e Benjamin Scheuer, que falarán da súa música e dos procesos creativos que hai detrás do seu traballo.

20:30 h

CONCERTO VALOR

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Takuto Fukuda *Centrifugal Melodies** (2014)

frauta, violín, arpa e electrónica

Vladimir Gorlinsky *Bramputapsel#2*** (2013)

frauta e clarinete

Sabrina Schroeder *Stircrazer: Hammer + Flutter** (2014)

saxofón, arpa, piano e electrónica

Marek Poliks *huri ii** (2014)

frauta, violín, arpa e piano

Benjamin Scheuer *Serenaden** (2014)

frauta, saxofón, violín, arpa, piano e electrónica

*Estrea absoluta. Encarga de Vertixe Sonora

**Presentación en España

“É *capital* analiza esa excesiva dominación que ten o capital na nosa forma de entender o mundo, nas nosas relacións sociais, na nosa percepción estética, filosófica, etc. Esta condición que o sistema económico ten sobre o ser humano, individuos e sociedades, é o que Cristina Lucas pon de manifesto neste proxecto [...]. A irrupción do capital en conceptos como o amor, a vida, a morte, a arte, o medo ou a dor [...]. Un afán de lucro que afecta incluso a conceptos absolutos como morte, arte ou vida [...]. Un prezo que pon de relevo a natureza perversa dun sistema económico que converte en fetiche un texto que xorde da necesidade mesma de denunciar a especulación capitalista”.

Manuela Villa, comisaria da exposición *Cristina Lucas. É capital*

Alleos ao materialismo, ou impulsados/violentados por el, presentamos cinco composicións, cinco activos sonoros con VALOR engadido:

Todo se repite e, como na historia, unha forza centrífuga provocada por movementos cíclicos reVALORiza a propia repetición: así o suxire Takuto Fukuda na dinámica *Centrifugal Melodies*.

Novos VALORes nas formulacións estéticas ou reflexións das que xorde *huri ii* de Marek Polik:

[...] Aquí, no mesmo punto que o non-lugar do espírito, o corpo preséntase como unha ferida: o outro xeito de consumir o corpo, de sutilizar o seu sentido, de exhalalo, de facelo brotar, de desatalo, de abandonalo, exposto en coiros. O espírito condensa aquilo que supura a ferida: en calquera dos dous casos, o corpo derrúbase, nin vivo nin morto, despojado da súa correspondente cota de morte, desenterrado, manchado, sacrificado. [Jean-Luc Nancy, *In Memory of Pope John Paul II*]

VALORando sinxelos aspectos humanos como a amizade, ou o *económico* sentido sonoro da palabra no *Bramputapsel* de Vladimir Gorlinski.

A VALORación do contacto físico enfatizando as friccións e tensións, a fragilidade e a contundencia dos mecanismos activos no *Stircrazer: Hammer + Flutter* de Sabrina Schroeder.

A sinxeleza do cotián, un VALOR que perdura inherente á súa propia esencia, que evoluciona nos seus novos e diferentes usos, na *Serenaden* de Benjamin Scheuer.

OS COMPOSITORES

Takuto Fukuda. Xapón, 1984

Compositor e artista sonoro, licenciado en Sonoloxía (2008) polo Kunitachi College of Music de Xapón e Máster en Sonoloxía (2011) polo Real Conservatorio da Haia. Estudou con Takayuki Rai, Shintaro Imai, Cort Lippe, Johan van Kreijl, Naoko Hishinuma e Masakazu Natsuda e, na actualidade, con Marko Ciciliani no Instituto de Música Electrónica e Acústica (IEM) da Kunstuniversität Graz.

As súas composicións foron galardoadas co premio Futura no Contemporary Computer Music Concert (Xapón, 2011), co terceiro premio na International Taiwan Electroacoustic Music Composition Award e cunha mención de honra na International Electroacoustic Music Composition Competition Musica Nova (Chequia, 2010). Ademais, foi seleccionado para participar no EMUfest (Italia, 2011), no Concert Banc d'essai (Francia), no Seoul International Computer Music Festival (Corea, 2011), nas Sonic Rain Concert Series (Estados Unidos), na International Electroacoustic Music Composition Competition Musica Nova (Chequia, 2008) e no International Festival of Electroacoustic Music (Ai-maako, 2007, e Chile, 2011).

Compuxo música para proxectos de danza contemporánea e interpretou as súas pezas en varios festivais coma o NRW International Dance Festival 2008 con Pina Bausch (Alemaña).

Foi bolseiro da Fundación Nomura (Xapón, 2013).

Pertence ao equipo de desenvolvemento DIPS (Procesamento Dixital de Imaxes con Son) e foi relator na International Computer Music Conference (Dinamarca, 2007).

<http://takutofukuda.webs.com>

Vladimir Gorlinsky. Moscova, 1984

Graduouse en 2008 en composición no Conservatorio de Moscova, onde asistiu a clases maxistras con Martijn Padding, Richard Ayres, Brice Pauset, Beat Furrer e Brian Ferneyhough, baixo a supervisión de V. Tarnopolski.

Vladimir Gorlinsky pasou moito tempo experimentando con instrumentos tradicionais, étnicos ou da súa propia invención. En 2002 foi galardoadado co primeiro premio na Schnittke International Competition for Young Composers, en 2007 tamén gañou un premio na Jurgenson International Young Composers Competition e ao ano seguinte o Gran Premio do Festival iPythioan games (San Petersburgo). A súa peza *Ultimate Granular Paradise*, presentada en Rostrum 2008 e retransmitida en máis de dez países, foi seleccionada e interpretada no Gaudeamus Music Week (Utrecht, 2011). A obra *S'Morzando* soou no festival ISCM (Hong Kong, 2007).

As súas obras foron retransmitidas e interpretadas en Europa, Asia e Australia por solistas como o trompetista Marko Blaauw e o contrateno Javier Hagen; *ensembles* como Klangforum Wien, Insomnio, Ereprijs, eNsemble, Studio for New Music (Moscova); e pola Orquestra Nacional de Rusia (dirixida por Theodor Currentzis e Fedor Lednev). En 2007 estreouse en cinco cidades dos Países Baixos a ópera colectiva *Boxing Pushkin*, con música de Vladimir Gorlinsky.

<http://gorlinsky.com>

Sabrina Schroeder. Canadá, 1979

O traballo de Sabrina Schroeder, orixinaria da costa oeste de Canadá, recréase coas friccións (tanto íntimas como opostas) da música como cartografía, abordando acontecementos cotiáns, e coas posibilidades viscerais e imaxinativas do son e das actuacións en directo. Fundadora dun proxecto/*performance* de artistas sonoros e visuais emerxentes na cidade de Victoria, na Columbia Británica, é membro activo de diversos colectivos de compositores e intérpretes. Impartiu cursos de Son e Arte e Medios de Comunicación no Instituto Politécnico Rensselaer de Troy (Nova York) e colaborou con solistas e *ensembles* como Anthony Braxton, Quatuor Bozzini, ICE Ensemble, Arraymusic, SEM Ensemble, Till-By-Turning, Flux Quartet, Quatuor Diotima, Ensemble Surplus, JACK Quartet, Ensemble Argentó, Continuum Ensemble, Musikfabrik, Stephane Ginsburgh e Séverine Ballon.

Vive en Somerville (Massachusetts, Estados Unidos), onde é a directora do Harvard Group for New Music, e está completando un doutoramento en Composición na Universidade de Harvard con Chaya Czernowin, Hans Tutschku e Steven Kazuo Takasugi. Estudou con Alvin Lucier e Anthony Braxton (Wesleyan University), Michael Longton e Christopher Butterfield (Victoria University).

<http://sabrinaschroeder.com>

Marek Poliks. Estados Unidos, 1989

Cre nos espazos creativos e discursivos que inclúen tanto a música clásica contemporánea como a arte. Fronteiras que distinguen entre prácticas musicais artísticas e comerciais, aínda que non sobre a base da oposición trillada entre prácticas clásicas e populares. A forza da exclusión mutua entre a obra de arte e o espírito empresarial. Crítica aos mundos privilexiados e colonizados nos que circula a música clásica, perpetuados en parte a través da súa infraestrutura comercial e teórica. Obxectos musicais autónomos, dissociables de significación. Música sen asunto, música sen materialismo. Ordenanzas: o idiolecto dos artistas ao servizo da obra. Unha ética da composición, unha comunidade de compositores e intérpretes.

Realiza o doutoramento na Universidade de Harvard con Chaya Czernowin e Steven Takasugi. Recentemente estudou con Roger Reynolds, John Luther Adams, Amnon Wolman e Josh Levine, o seu mentor. Participou en clases maxistras con Mario Davidovsky, Brian Ferneyhough, Jonathan Harvey e Rebecca Saunders, entre outros.